

REPASO ORTOGRÁFICO E GRAMATICAL 1


1.2. O SUBSTANTIVO

Os substantivos constitúen unha clase de palabras que designan seres, conceptos, entidades e obxectos do mundo extralingüístico. Morfoloxicamente constan dunha raíz ou lexema, que lles achega o significado léxico, morfemas de xénero e número e morfemas derivativos.

O substantivo determina o xénero e número dos adxectivos e pronomes que o poidan acompañar e/ou substituír.

1.2.1. O XÉNERO

Todos os substantivos posúen a categoría do xénero (son masculinos ou femininos), pero non todos teñen flexión. Ademais, o xénero pode ter asociado tamén un determinado valor semántico.



CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA:

A) Seres sexuais:

- O xénero coincide co sexo: *gato/gata*.
- A forma masculina recolle aos membros da mesma especie (*os cans* -femias e machos-), tamén a feminina (*as galiñas* -femias e macho).
- O substantivo mantén a forma invariable: *a pantasma, a testemuña*.
- Os epicenos: mesma forma para masculino e feminino: *a aguia, o sapo* (para distinguir o sexo dicimos macho ou femia).

B) Seres non sexuais:

- O masculino indica o individual e o feminino o colectivo: *o froito / a froita*
- O feminino indica maior tamaño: *saco/saca*
- O masculino indica maior tamaño: *machado/machada*
- O masculino e o feminino indican obxectos de diferente forma e función: *fouciño/fouciña*

CLASIFICACIÓN MORFOLÓXICA

- Substantivos dun só xénero: *o sal, a peaxe, a auga...*

SON MASCULINOS...	
Os nomes de letras, números, océanos, mares, ríos e puntos cardinais	<i>o a, o efe, o sete, o Atlántico, o Adriático, o Miño, o noroeste...</i>
Os substantivos rematados en -i	<i>o convoi, o penalti...</i>
Os substantivos rematados en -o	<i>o arbusto, o riso, o xogo...</i> Excepto: <i>a foto, a moto, a tribo, a dinamo...</i>
Os substantivos rematados en -ote	<i>o bote, o dote, o lote...</i> Excepto: <i>a glote</i>
Os substantivos rematados en -u	<i>o bambú, o chapeu, o pau, o xampú...</i>
Os substantivos rematados en -me	<i>o arame, o crime, o <u>cume</u>, o exame, o fume, o lume, o <u>legume</u>, o <u>costume</u>...</i> Excepto: <i>a fame, a síndrome...</i>
Os substantivos rematados en -t, -g, -f, -h, -k... (estranxeirismos)	<i>o test, o cámping, o anorak, o ballet...</i>
✓ Outros substantivos como:	<i>o berce, o labor, o leite, o mel, o nariz, o sangue, o cárcere, o sal, o sinal...</i>

SON FEMININOS...	
A maioría das árbores froiteiras e os seus froitos	<i>a cerdeira / a cereixa, a laranxeira / a laranxa, a nogueira / a noz...</i> Excepcións: <i>a figueira / o figo, o limoeiro / o limón...</i>
Os substantivos acabados en -a	<i>a aguia, a alma, a auga, a <u>pantasma</u>, a reuma...</i> Agás: <i>o clima, o día, o mapa, o planeta, o diadema, o <u>fantasma</u>...</i>
Os substantivos terminados en -ade	<i>a idade, a liberdade, a puberdade, a mortalidade...</i>
Os substantivos rematados en -axe	<i>a paisaxe, a tatuaxe, a <u>viaxe</u>...</i> Excepto: <i>o traxe, o paxe, o garaxe.</i> Personaxe pode ser masculino ou feminino.
Os substantivos rematados en -se, -ite	<i>a <u>análise</u>, a tese, a otite, a elite...</i> Agás: <i>o convite, o interese...</i>
✓ Outros substantivos como:	<i>a árbore, a ave, a canle, a calor, a dor, a ferruxe, a orde, a ponte, a síndrome, a suor...</i>

- Substantivos de dous xéneros sen flexión: *o/a estudante*. O xénero vén indicado polo determinante.

- Substantivos de dous xéneros con flexión:

FLEXIÓN DE XÉNERO NOS SUBSTANTIVOS			
MASCULINO	FEMININO	EXEMPLO	
-o/-e átonos	Muda para -a/-á	amigo/amiga, burelao/burelá, mestre/mestra	
vogal tónica -ó	Acrecenta -a	avó/avoa	
consoante distinta de -n (-r, -s, -l, -z)	Acrecenta -a	deus/deusa, labrador/labradora, Dr./Dra., español, española, xuíz, xuíza	
-n	-án	Muda para -á	arteixán/arteixá, irmán/irmá, louzán/louzá
		Muda para -ana (despectivo)	leilán/leilana, pailán/pailana
	-ón	Muda para -oa	campión/campioa, ladrón/ladroa
		Muda para -ona (despectivo)	cabezón/cabezona, lambón/lambona
	-ún	Muda para -una	euscaldún/euscalduna
	-ín	Muda para -ina	bailarín/bailarina, pescatín/pescantina

Outros substantivos empregan diferente lexema para masculino e feminino (*boi/vaca, home/muller*); ou empregan outros sufixos (*papa/papisa, galo/galiña, emperador/emperatriz, tsar/tsarina*).

1.2.2. O NÚMERO

O número indica a oposición entre o singular, que designa un individuo, e o plural, que expresa máis de un.

VALORES SEMÁNTICOS ASOCIADOS AO NÚMERO

- Substantivos que se usan en singular ou plural indistintamente: *a tesoira, as tesoiras*.
- Substantivos que só posúen a forma singular. O plural engádelles matices de significado: (*amor/amores; beleza/belezas*).
- Substantivo con diferente significado en singular e en plural (*o miolo/os miolos*).

FLEXIÓN DE NÚMERO

- Substantivos sen flexión:
 - Só singular: *plebe, éter, cénit*
 - Só plural: *cóxegas*
- Palabras compostas:
 - Substantivo + adxectivo: plural nos dous elementos: *garda civil > gardas civís*
 - Verbo ou palabra invariable + substantivo: plural no segundo elemento: *baixo relevo > baixo relevos; norteafricano > norteafricanos; cuchamel > chuchameles*.

- Substantivos con flexión:

FLEXIÓN DE NÚMERO NOS SUBSTANTIVOS			
SINGULAR		PLURAL	EXEMPLO
-vogal -n		Acrecentan -s	café/cafés, noite/noites, rei/reis, canon/canons, irmán/irmáns
-l	monosílabos	Acrecentan -es	mal/males, mel/meles, mil/miles, fol/foles
	agudos polisílabos	Mudan -l por -is	baúl/baúis, cristal/cristais, farol/farois, funil/funís, papel/papeis
	graves	Acrecentan -es	caníbal/caníbales, cónsul/cónsules, réptil/réptiles, túnel /túneles
-r -z			cor/cores, muller/mulleres, luz/luces, voz/voces
-s	agudos		compás/compases, chinés/chineses, deus/deuses
	graves	Permaneces invariábeis	o/os atlas, o/os lapis, o/os venres
	esdrúxulos		o/os mércores, o/os ómnibus
grupos consonánticos -ns, -x [ks] e -ps		Acrecentan -s	o/os fax, o/os dúplex, o/os lux, o/os bíceps, o/os luns, o/os tórax
-b, -c, -ch, -k, -m, -r, -t, -y... (cultismos ou estranxeirismos)			Presentan dous plurais
			hippy/hippys/hippies póster/pósters/pósteres

1.2.3. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DOS SUBSTANTIVOS

